

### XIII CERTAME DE MICRORRELATO EN GALEGO “EOI DE PONTEVEDRA”

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega da EOI de Pontevedra, en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, convoca o XIII Certame de Microrrelato en Galego “EOI de Pontevedra”.

A finalidade deste concurso é fomentar a creación literaria más pura e inmediata na nosa lingua e dar a coñecer o enxeño e mais o talento de persoas que, se cadra, áinda non publicaron ningunha obra, mais que posúen grandes dotes narrativos.

#### **BASES DO CERTAME:**

1. Poderán participar no concurso todas as persoas maiores de 14 anos que o desexen, sexan ou non alumnado da Escola.
2. O Certame terá carácter presencial e realizarase nas dependencias da EOI de Pontevedra e nas seccións de A Estrada, Lalín e Valle Inclán.
3. O traballo consistirá na redacción dun microrrelato en galego non superior a 150 palabras, sen contar o título. No microrrelato deberanse empregar obrigatoriamente tres palabras que se comunicarán no momento de empezar. Un sistema de plicas garantirá o anonimato dos relatos.
4. **LUGAR E DATAS DO CERTAME:** xoves 20 de abril de 2023 ás 18:00 horas na aula 3 da EOI de Pontevedra e no IES Antón Losada Diéguez de A Estrada (neste a hora de comezo será ás 19:00), IES Valle Inclán de Pontevedra e IES Ramón M<sup>a</sup> Aller Ulloa de Lalín. Durará un máximo de 110 minutos.
5. Co obxectivo de permitir a presenza do máximo número de alumnado, a participación neste non será contada como falta de asistencia polo profesorado da EOI.
6. Un xurado composto por profesores da EOI e membros do EDLG, escollerá un 1º, 2º e 3º premio. Se o xurado o considera oportuno concederanse ata dous accésits.
7. Os microrrelatos premiados poderán ser publicados, polo que os autores aceptan ceder os seus dereitos á EOI de Pontevedra e ao Concello de Pontevedra.
8. Os premios consistirán en:
  - 1º premio:** vale de **200€** para a compra de libros, CDs ou DVDs en galego
  - 2º premio:** vale de **150 €** para a compra de libros, CDs ou DVDs en galego
  - 3º premio:** vale de **100€** para a compra de libros, CDs ou DVDs en galegoAdemais, o xurado resérvase a posibilidade de entregar ata dous **accésits de 50€** cada un.
9. O anuncio do veredicto do xurado realizarase a través das redes da escola, ou se é o caso, nunha gala a celebrar no mes de maio na EOI de Pontevedra.
10. Os premios poderán quedar desertos se non se acada unha calidade mínima. As decisións adoptadas polo xurado serán inapelables en todos os casos.
11. As persoas gañadoras permitirán que se corrixe os posibles erros gramaticais e léxicos dos seus microrrelatos co fin de publicalos.
12. A participación neste concurso implica a aceptación destas bases.